

Acordo de Consello de Goberno, de 24 de xullo de 2026, polo que se aproba o calendario para a presentación de propostas de programas académicos e de participación da UDC en titulacións conxuntas internacionais Erasmus Mundus (implantación no curso 2027/28)

Os Programas Académicos con Percorrido Sucesivo (PARS), os Programas Académicos de Simultaneidade, os Programas de Ensinanzas de Grao con Itinerario Académico Aberto e as Titulacións Conxuntas Internacionais Erasmus Mundus requiren unha planificación previa e a correspondente tramitación institucional. Co fin de establecer os prazos e as actuacións básicas para a presentación destas propostas durante o curso 2026/27, elaborouse un calendario que permita a súa revisión e aprobación institucional e, cando proceda, a súa implantación no curso 2027/28 ou a súa presentación ás correspondentes convocatorias externas.

Polo exposto o Consello de Goberno, na súa sesión de 24 de xullo de 2026, acordou a aprobación do calendario para a presentación de propostas de programas académicos e de participación da UDC en titulacións conxuntas internacionais Erasmus Mundus (implantación no curso 2027/28), que figura como Anexo.

O reitor

Calendario para a presentación de propostas de programas académicos e de participación da UDC en titulacións conxuntas internacionais Erasmus Mundus (implantación no curso 2027/28)

Os Programas Académicos con Percorrido Sucesivo (PARS), os Programas Académicos de Simultaneidade de Dobres Titulacións de Grao e Mestrado con Itinerario Específico, os Programas de Ensinanzas de Grao con Itinerario Académico Aberto e as Titulacións Conxuntas Internacionais Erasmus Mundus desenvólvense ao abeiro do Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, e, de ser o caso, da normativa específica aprobada pola Universidade da Coruña. Polas súas características, requiren unha planificación previa e a correspondente tramitación institucional.

Este documento ten por finalidade establecer os prazos e as actuacións básicas para presentar estas propostas ante a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización durante o curso 2026/27, co fin de posibilitar a súa revisión e aprobación institucional e, cando proceda, a súa implantación no curso académico 2027/28 ou a súa presentación á convocatoria externa aplicable.

1. Presentación de propostas de programas académicos

As propostas elaboraranse conforme á normativa específica aplicable e aos modelos publicados na páxina web da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización (VTI).

A solicitude, xunto coa documentación requirida para cada tipo de proposta, deberá contar cos acordos e informes preceptivos previstos na correspondente normativa antes da súa remisión á VTI e presentarse dentro dos prazos establecidos no punto 3 deste documento.

A Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización comprobará que a documentación presentada se axusta á normativa aplicable e poderá solicitar que se complete, aclare ou modifique cando resulte necesario para continuar coa súa tramitación institucional. Unha vez completada a documentación, a proposta seguirá o procedemento específico que resulte de aplicación e será sometida, cando corresponda, á Comisión Delegada do Consello de Goberno con competencias en titulacións, ao Consello de Goberno ou á súa Comisión Permanente, así como aos restantes órganos ou entidades que deban intervir na súa aprobación.

2. Presentación de propostas de participación da UDC en titulacións conxuntas internacionais Erasmus Mundus

As propostas de participación da UDC en titulacións conxuntas internacionais Erasmus Mundus deberán presentarse de acordo cos prazos establecidos no punto 3 deste documento. Con carácter previo á presentación da candidatura á convocatoria correspondente, a persoa ou unidade promotora remitirá a VTI unha declaración de interese, conforme ao modelo publicado na súa páxina web, na que se xustifique o interese institucional da proposta, a súa viabilidade e as súas principais características.

A proposta será sometida á Comisión Delegada do Consello de Goberno con competencias en titulacións e ao Consello de Goberno ou á súa Comisión Permanente, para a súa aprobación institucional.

Unha vez aprobada a participación da UDC na proposta de titulación conxunta internacional Erasmus Mundus, a persoa ou unidade promotora poderá presentar a candidatura á convocatoria correspondente e remitirá a VTI unha copia da documentación definitiva presentada. Unha vez resolta a convocatoria, comunicaralle o seu resultado para que, de ser o caso, poidan iniciarse as actuacións académicas e administrativas que correspondan.

3. Calendario de presentación

O seguinte calendario recolle os prazos para a presentación das propostas reguladas neste documento, coa finalidade de posibilitar a súa implantación no curso académico 2027/28 ou, no caso das propostas de participación da UDC en titulacións conxuntas internacionais Erasmus Mundus, a súa presentación á correspondente convocatoria externa.

Data límite	Tipo de proposta	Órgano responsable	Actuación
31 de xaneiro de 2027	Programas Académicos con Percorrido Sucesivo (PARS)	Centro responsable	Remitir a VTI a solicitude, a memoria do PARS, a certificación do acordo da Xunta de Centro e a restante documentación requirida pola normativa aplicable.

31 de xaneiro de 2027	Programas Académicos de Simultaneidade de Dobres Titulacións de Grao e Mestrado con Itinerario Específico	Centro responsable	Remitir a VTI a memoria do programa, as certificacións dos acordos das xuntas de centro, os informes favorables do SIGC dos centros implicados e a restante documentación requirida pola normativa aplicable.
31 de xaneiro de 2027	Programas de Ensinanzas de Grao con Itinerario Académico Aberto	Centro responsable	Remitir a VTI a solicitude, a memoria da proposta, na que se xustifique o seu interese, viabilidade e principais características, as certificacións dos acordos das xuntas de centro, os informes favorables do SIGC dos centros participantes e a restante documentación requirida pola normativa aplicable.
30 de novembro de 2026	Titulacións Conxuntas Internacionais Erasmus Mundus	Centro, estrutura académica ou persoa promotora	Remitir a VTI a declaración de interese, xunto cunha memoria da proposta na que se xustifique o interese institucional, a viabilidade e as principais características da titulación proposta, así como as universidades participantes e a convocatoria á que se prevé concorrer.

No prazo máximo de dez días hábiles desde a presentación da candidatura	Titulacións Conxuntas Internacionais Erasmus Mundus	Persoa ou unidade promotora	Remitir a VTI unha copia da solicitude e da documentación definitiva presentada á convocatoria correspondente.
No prazo máximo de dez días hábiles desde a notificación da resolución	Titulacións Conxuntas Internacionais Erasmus Mundus	Persoa o unidade promotora	Comunicar a VTI o resultado da convocatoria e remitir, de ser o caso, a documentación necesaria para iniciar o procedemento académico e administrativo que corresponda.

Para as propostas presentadas fóra dos prazos establecidos non se poderá asegurar a súa tramitación, aprobación ou implantación no curso académico previsto e deberán incorporarse, cando proceda, ao seguinte calendario de presentación.